

COLEXIO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

MANUEL MASDÍAS



ENTROIDO 2012

COPLA DA COMPARSA
(música do pirimpimpin)

Este ano na escola
non nos queren dar diñeiro
nin “pra” folios nin “pra” bolis
ó pirimpirimpinpin
nin para mercar pandeiros.



**Pirimpimpin pin pin pin pin
hai recortes por alá
hai recortes por alí.**


A escola non ten diñeiro
para fechar os buratos
agora na vez d@s nen@s
ó pirimpirimpinpin
xa poden entrar os ratos.



**Pirimpimpin pin pin pin pin
hai recortes por alá
hai recortes por alí.**



No Masdías traballamos
alumnos e profesores
os políticos recortan
ó pirimpirimpinpin
non nos dan ordenadores.



**Pirimpimpin pin pin pin pin
hai recortes por alá
hai recortes por alí.**



Nós @s nen@s do Masdías
para poder estudar
temos moita alegría
ó pirimpirimpinpin
é para poder xogar.

**Pirimpimpin pin pin pin pin
hai recortes por alá
hai recortes por alí.**



FIXEMOS RECEITAS

FREIXÓS

INGREDIENTES

- 6 ovos.
- 6 culleradas de fariña.
- Un grolíño de anís.
- Unha pizquiña de sal.
- 1/2 litro de leite.
- 1/2 litro de auga.
- Un anaco de touciño de porco.

ELABORACIÓN

Mestúranse todos os ingredientes coa batedora. Déixase repousar a masa un par de horas. Quéntase a tixola ou filloeira e untámola co touciño. Bótaselle unha cullerada do amoado e déixase callar. Cando comecen a despegar, dáselles a volta e quitámols cos dedos. Botamos azucre ao gusto.



CHAOLAS DE CARIÑO

INGREDIENTES

- Dúas libras de fariña.
- Media ducia de ovos.
- Unha pouca manteiga.
- Unha noz de fermento.
- Media cunca de leite.
- Unha copiña de anís.
- Reladura de limón.
- Unha chisca de sal.
- Dúas culleradas de azucre.

ELABORACIÓN

Quéntase o leite coa manteiga. Cando esta está derretida,



Bótanselle o anís e a reladura de limón e dúas culleradas de azucre. Bátense os ovos cunha chisca de sal, e engádense á mestura fóra do lume removendo ben. Desfaise o fermento nunha pouca de auga morna e mestúrase co anterior. Este é o momento de comezar a mesturar coa fariña; facemos con ela un volcán no mesado (de mármore se é posible); no medio bótase a mestura, xa morna, e comézase a amasar con forza e movementos envolventes ata que faga vexigas.

Cando consideremos o labor rematado, bótase a masa nunha cunca na que lle sobre espazo (xa que medrará), cóbrese cun pano de liño e déixase leudar nun lugar morno, podendo ser preto da lareira, dúas ou tres horas.

Xa temos a masa para fritir. Pártese a masa en pequenas bolas que se deixan repousar, no mármore cuberto de fariña, un cuartiño de hora. Pasado este tempo poñemos unha tixola no lume con ben de aceite. Cando estea quente botamos unha porción de masa que previamente estiraremos coa única axuda das mans. Este é o segredo das chaolas. Se usamos rolos ou botellas, o único que conseguiremos será esmagar a masa e non quedarían esponxosas, como deben ser. A masa debe nadar no aceite e este non debe estar demasiado quente, xa que senón quedarían tostadas por fóra e crúas por dentro.



Remataremos botándolles un pouco azucre por riba, a gusto. As bolas e as chaolas pódense mollar no café, no chocolate, en leite só ou comelas sen acompañamento, que de calquera xeito están boas.

TESTAMENTO DE INFANTIL

NESTE MESMO MOMENTO
IMOS LER O MEU TESTAMENTO.

PARA OS NENOS E NENAS DE INFANTIL
QUÉROLLES DEIXAR A WII.

PARA OS DE PRIMEIRO
DEIXOLLES UN PUCHEIRO.

A OS NENOS E NENAS DE SEGUNDO
REGÁLOLLES O MUNDO.

PARA OS DE TERCEIRO
QUÉDALLES UN CHISQUEIRO.

A OS NENOS E NENAS DE CUARTO
DÁMOSLLES UN LAGARTO.

PARA OS NENOS E NENAS DE QUINTO
LÉGOLLES O MEU CINTO.

AOS RAPACES DE SEXTO NIVEL,
DA PROFE MARIBEL
VOULLES DEIXAR UN CARAVEL.

PARA O PROFE XOÁN
QUÉDALLE UN CAN.

Á PROFE DE MÚSICA
DEIXOLLE A MIÑA ARMÓNICA.

PARA A PROFE MAR
VOULLE REGALAR UN CALAMAR.

Á PROFE FERNANDA
DEIXOLLE UN OSO PANDA.

PARA A PROFE LAURA DE 5º DE INFANTIL
DEIXOLLE UN ENORME CANDIL
E A VERÓNICA COS MÁIS PEQUENIÑOS
UNS TENROS PEIXIÑOS.

POR ÚLTIMO AO NOSO AMIGO ALBERTO,
UN DOS MELLORES CONSERXES DA COMARCA,
DEIXAREILLE UNHA BARCA.



ENTROIDO 2012

TESTAMENTO DE PRIMEIRO

E agora os de primeiro:



Para Kevin e Adrián
chourizo con pan

Para Cintia e David
que lles piquen no nariz



Para Yaiza e Salomón
Que lles deixen sen xamón



Para Estrella e para Nico
que non lles den un bico

Para Elena e para Sara
que lles pinten na cara



Para Evelyn e Paula
que as pechen na aula.



TESTAMENTO DE SEGUNDO

Son o Meco
ídesme queimar
e o meu testamento
vouvos recitar.
Ás aulas de Infantil
déixolles un debuxo
co número mil.
Aos nen@s de Primeiro
déixolles na aula
un avespeiro.



Para a clase de Terceiro
Déixolles de agasallo
miles de peidos.
Para Cuarto
coma sempre
unha perigosa serpe.
Para Quinto
un ordenador
que teña un pincho.
Para Sexto
moitos pés
que cheiren a queixo.

Coa clase de Segundo
vou comezar
non son moi bos
e vounos amolar.

A Silvana e Rosalía
unha explosiva sandía.
Para Yaisa
unha trampa nunha caixa.
Para Yanela e Icíá
que lles doa a barriga.
Para Johanna e Janira
unha comida moi fría.
Para Jairo e para Andrea
que se vaian "pra" Corea.
Edgar e Abraham
ao fútbol non xogarán.
Para David e Daniel
un tarro caducado de mel.
Para Bruno e Xiao
arañas con cacao.
Para Nico e Candela
un tarro con caca de ceبرا.
Para Antonio e Carolina
un noxo de mandarina.
Para Sandra e Pablo
que os merende un pavo.
Para Uxía e Samanta
tarántulas nunha manta.



TESTAMENTO DE SEGUNDO

E agora ao profesorado
tratarei con máis coidado.

Para Vero, Laura e Fernanda
de pinchos deixo unha manta.

A Lupe e a Oscar
unha apetosa mosca.

A Pili e Sandra
unha tarta cunha rata.

A María Xosé e Maribel
un calcetín que non cheire ben.

A Mariví, Olga e María
que tropecen cunha vía.

Ao theacher Xan
que o machaque Supermam.

A Paula e Estrela
pirañas con canela.

Que a Xefa de Estudos Mar
non poida asubiar.

A Roberto e Alberto
miles de ras polo centro.

A Oscar o Director
que se lle pare o motor.

A Loli, Ana e Rosa
un tarro con rosas velenosas.

A Isabel, Dulce e Rosanna
que lles caia unha cebola esmagada.

E como no lume hei arder
este testamento hai que obedecer.



TESTAMENTO DE TERCEIRO

Son o Meco e vanme queimar
pero non vos desgustar
que aínda que estamos en crise
algo terei que vos deixar.

Para poderme organizar
por cursos hei de comezar:
Aos nenos e nenas de infantil
déixolles un gran barril.
Aos nenos e nenas de primeiro
déixolles un bo peido.
Aos nenos e nenas de segundo
déixolles un roído "gallumbo".
Aos nenos e nenas de cuarto
déixolles un baboso lagarto
Aos nenos e nenas de quinto
déixoos colgados dun pincho.
E xa aos de sexto
déixolles unha caca de texto.

Agora ao meu pesar
aos de terceiro lles ei de deixar:
A Ainhoa
déixolle unha canoa que afonda.
A Lucas déixolle unha chea de
pulgas.
A Oscar
déixolle unha enorme mosca.
A Joam
non lle deixo nin auga nin pan.
A Adrián
déixolle unha botella de champán.

A Nerea
déixolle unha enorme balea.
A Sinay
déixolle unha viaxe a París.
A David Manzano
déixolle un cueiro cagado.
A David Música
déixolle unha fea bruxa.
A Noemí Pardo
déixolle un mamarracho.
A Xam
déixolle un amargo pan.
A Jose
Déixolle un iogurte podre.
A Tiara
déixolle un susto pola cara.
E, por suposto, á profe Sandra
déixolle unha peluda araña.



TESTAMENTO DE TERCEIRO

Non vos preocupedes
que xa acabo cos mestres:

A Oscar, o director,
déixolle un pinchazo con moita dor.

A Olga, a secretaria,
déixolle unha laranxa "agria".

A Mar, a xefa de estudos,
déixolle miles de "erutos".

A Vero, Laura e Fernanda
déixolles un niño de salamántigas.

A Óscar déixolle unha malolente ostra.

A Lupe déixolle unapestoso peluche.

A Pili déixolle un can chamado Lili.

A María José

Déixolle cartos para un amargo café.

A Maribel

déixolle un tarro de mel.

A María, Mariví y Paula

déixolles un "cuchitril" de aula.

A Estrela déixolle unha pera.

A Roberto déixolle un noxento desexo.

A Teacher

déixolle un saco de pegañentos chicles.

As profesoras de relixión

déixolles un bo "chaparrón".

E remato xa con Alberto

deixándolle un par de excrementos.



TESTAMENTO DE CUARTO

Nestes momentos de crise deixarei neste colexio un testamento ben feito.

Para as profes de infantil un ramiño de perexil.

Para Oscar, o de primeiro un bonito lapiceiro.

Para lupe, a cantareira aprender a capoeira.

Para a altísima Sandra unha cestiña de landras.

Para Pili, a matemática que aprenda informática.

Para María José un bo café.

Para Maribel un vermello carabel.

Para Mariví un retrete para facer pis.

Para as de relixión un ano de reflexión.

Para teacher Xoán un alumno lacazán.

Para Roberto un ángulo recto.

Para o equipo directivo un bo partido.

Para Paula e María traballar todo o día.

Para Estrela, a orientadora 100 días máis de escola.

Para o conxerse que pesque un bo peixe.

Déixolles aos nenos/as de primeiro roer forte nun queixo.

Déixolles aos de segundo dar unha volta a o mundo.

Déixolles aos de terceiro un disfraz ben trapalleiro.

Déixolles á clase de cuarto a nosa foto nun marco.



TESTAMENTO DE CUARTO

Déixolles aos de quinto
estudar a taboa do cinco.

Déixolles aos de sexto
un partido de baloncesto.

E para os nenos/as de cuarto
Moito horror e espanto

Para Inés, que se lave os pes.

Para Vero, comer moito mero.

Para Judit, caer do patín.

Para andrea, o cheiro da marea.

Para Csaba, un caldeiro de lava.

Para Alex, perder as chaves.

Para Jeni, que a coma o Ieti.

Para Daniel, comer moito papel.

Para Jonás, pincharse co compás.

Para Efraín, un gran no nariz.

Para Sabela, caerse na alameda.

Para Isabella, dar voltas á
manivela.

Para Adán, encher a barriga de
pan.

Para José, un ataque de tose.

Para Marcos, que lle estoupen mil
petardos.

Para Samaria, perderse nas Illas
Canarias.



TESTAMENTO DE QUINTO

Son o Meco que vai morrer
 por iso testamento quero facer
 e para empezar
 aos nenos e nenas vou agasallar
 Para infantil, un candil
 Para primeiro, un gaiteiro
 Para segundo, un mundo
 Para terceiro, un bombeiro
 Para cuarto, que os coma un
 lagarto
 Para sexto, un gordo texto
 Para todos os de quinto, un viño
 tinto e algo máis
 Para Noa, Laura e Jesús que
 fagan un "who is who"
 Para Alba L, Bruno e Mirella
 unha gran paella
 Para Jorge, Irimia e Alba García
 unha viaxe a Vilagarcía
 Para Jenni, Tais e Simón un
 limón
 Para Michelle, Paula e Andrea
 unha oblea
 Para os mestres e mestras vou
 subministrar
 Para a nosa profe María unha
 pastelería
 Para Óscar o director un
 calefactor
 Para o outro Óscar un premio
 Óscar

Para María Amado
 un par de taconazos
 Para Mar un calamar
 Para Laura, a de Infantil,
 un mandil
 Para Paula, a de apoio,
 que viaxe a Poio
 Para Olga unha ola



Para Pili que atope a Willy
 Para Sandra un conto
 con moitas palabras
 Para Loli,
 que xoga ao "monopoly"
 Para Mariví, un pirulí
 Para Ana, unha banana
 Rosa que sexa mimosa
 Para Verónica unha armónica
 Para Xoán, un gran croasán
 Para Roberto
 que cante nun concerto
 Para Alberto o conserxe, un peixe
 Para Fernanda
 que a coma unha osa panda
 Para Lupe
 Que se perda en Guadalupe


TESTAMENTO DE SEXTO

Outro ano no Masdías,
Outro ano condenado.
Pero antes de morrer
vou deixar o meu
legado.



Para os nenos e nenas
de Infantil,
un novo mandil.
Para os de primeiro,
un profe toreiro.
Para os de segundo,
un balón de fútbol.
Para os de terceiro,
un pulpo rapeiro.
Para os de cuarto,
morderlles no cú un
rato.
Para os de quinto,un
inverno de moito frío.
Para os de sexto,os que
molan mogollón,cen
euros pra cada un e ir
de compras polo
Odeón.

Agora para os de
sexto
vou repartir o meu
cesto
Para Marta,
unha rata.
Para Yoel,
que se cale dunha vez.
Para Michelle,
que chupe os pés.
Para Sergio,
un barbeiro que
lle corte o pelo.
Para Jessi,
unha pepsi.
Para Betania,
unha araña.
Para Eloi,
carne de "Poi-Voi".
Para Ángel,
un burro que espante.
Para Nicolás,
un paspallás.
Para Alba, unhas
extensiones malvas.
Para Gerson,



un saco de estércol.
Para Jose, que veña
máis ao cole.
Para Diana, que se
separe de Betania.
Para Andrea, que se
rompa unha perna.
Para Silvia, que veña
o cole todos os días.
Para que non podan
protestar, aos
profesores voulles
deixar:
Para Maribel,
que se vaia nun tren.
Para "Teacher", o de
inglés, un sprai para
o olor de pés.
Para Óscar o director,
que nunca lle toque o
euromillón, e para
Óscar, o de primeiro,
tampouco nada de
diñeiro.
Para Roberto,un saco
cheo de ferro.
Para as de relixión,
un ano de
meditación.

XUÍZO Ó MECO - 2012

(Ábrese o pano. Acéndese a luz.
Vese unha sala de audiencias
dun xulgado. Sae o alguacil a
escena, dirixíndose ó público)

ALGUACIL

Público respectable
benvido a esta sesión
vaise xulgar a un bandido
que ademáis é moi ladrón.



Mostrade moita atención
que vai comezar a audiencia
tendes que estar en silencio
a xuíza non ten paciencia.

Tamén hai unha avogada
que ao ladrón vai defender
e unha fiscal sen piedade
que moi dura vai ser.

Pase xa a señoría
a avogada e a fiscal
que comece o xulgamento

que despois hai que xantar.

(Entran a xuíza, a fiscal e a
avogada, diríxense ós seus
sitios)

XUÍZA

Comencemos a sesión
está preparada xa?
Que é vostede a avogada
e ten que gañar o pan!

AVOGADA

Son a avogada no xuízo
teño moito que falar
"pra" defender ao acusado
que o queren condenar.

XUÍZA

Fale agora a fiscal
porque aquí para algo está
conte ben por esa boca
se o acusado fixo mal.

FISCAL

Vou falar moi amodiño
tense que entender moi ben
porque o acusado de hoxe
a ninguén lle fixo ben.

XUÍZA

Preséntenos ao acusado
alguacil, faga o favor.
Cóntenos quen fixo o dano
que o piden con gran clamor.



ALGUACIL

Chámase señor "Recorte"
apelido Educación
actúa na escola pública
sen pena e sen pudor.

Fixo grandes feridas
deixounos sen profesor
tampouco había diñeiro
"pra" amañar o ordenador.

XUÍZA

Pare xa, non siga andando
hai quen poida demostrar
que o que di é verdadeiro
e non falar por falar?

FISCAL

As acusacións son claras
testemuñas entren xa
que todo isto se aclara
se a xuíza quere escoitar.

XUÍZA

Meta na sala a primeira
señor alguacil sen demora
que este xuízo se aclare
que non quedan moitas horas.

(Entra a testemuña 1. O alguacil
achégase a pedir xuramento
sobre un dicionario)

ALGUACIL

Xuran vostedes sobre este
dicionario,
decir a verdade
toda a verdade e nada máis que a
verdade?

TESTEMUÑA 1

Xuramos!

XUÍZA

Proceda a señora fiscal

FISCAL

Coñecen ao acusado
e o que fixo sen dudar?

TESTEMUÑA 1

Coñecemos ao malvado
e vímolo acusar.

FISCAL

Que fixo pois o coitado
que tanto as fai enfadar?

TESTEMUÑA 1

Na nosa escola deixounos
sen poder nen avanzar
porque a mestre colleu gripe
e outra non van mandar.



Din que nos apañemos
cada hora van entrar
o de segundo e primeiro
o de sexto ou castelán.

AVOGADA

Non será que estas nenas
o que queren é amolar?
Non poden quedar na escola
a folgar sen estudar?

TESTEMUÑA 1

Non queremos non señora,
que hai moito que aprender
e logo remata o curso
e "no" queremos perder.

XUÍZA

Esta claro, poden ir
á súa casa a descansar
que comeza a quedar claro
que cousa é recortar.



ALGUACIL

Fago pasar con a venia
ás seguintes testemuñas
non vaia pasar o tempo
e quedemos sen nengunha.

XUÍZA

Pase logo veña axina
que xa penso no café
e vostede, teño claro,
que xa tomaria o té.
(mirandoo o reloxo)

(Entra a testemuña 2. O alguacil

achégase a pedir xuramento sobre un dicionario)

ALGUACIL

Xuran vostedes sobre este dicionario, decir a verdade toda a verdade e nada máis que a verdade?



TESTEMUÑA 2

Xuramos!

FISCAL

Coñecen ao acusado "Recortes na Educación"?

TESTEMUÑA 2

Coñecemos as maldades que provoca sen razón.

FISCAL

Conten, falen testemuñas que os oídos oigan xa

todo o que saben clariño que o queremos escoitar.

TESTEMUÑA 2

Na nosa escola había un moderno ordenador que non sabemos porque un día xa non marchou.

Quixémolo amañar, pedimos un orzamento e Don Recorte nos dixo que non había nen céntimo.



AVOGADA

Será que o estropearon teñen cara de trastáns metéronlle algo dentro! Non me sexan mentiráns!

TESTEMUÑA 2

Non é certo, é verdade
que bon uso del fixemos
valia "pra" navegar
e o facíamos contentos.

XUÍZA

Chega, chega...non pelexen
Don Recorte oigo xa
que as vai facendo ben boas
e habémolo de xulgar.

ALGUACIL

Quere a súa señoría
que traia máis outra vez
a quen acuse ao malvado
que ninguén o pode ver?



XUÍZA

Pase, pase, que me agobio,
o tempo corre de presa
e van pasando os minutos
e eu quero ir á mesa.

(Entra a testemuña 3. O alguacil
achégase a pedir xuramento
sobre un diccionario)

ALGUACIL

Xuran vostedes sobre este
diccionario,
decir a verdade
toda a verdade e nada máis que a
verdade?

TESTEMUÑA 3

Xuramos!

FISCAL

Coñecen de algo ao acusado?
Fíxolles mal ou traición?

TESTEMUÑA 3

Fíxonos cousa ben triste
quedamos sen excursión.

Queríamos ver museos,
fábricas e animais
pero custa moitos cartos
teñen que pagar as nais.

Hai moito paro

e o salario é pequeniño demáis
non chega "pra" pagar todo,
iso din os nosos pais.

AVOGADA

Vaia con os señoritos,
de luxo facer viaxes!
E agora queren tamén
que se lles pague a peaxe.

TESTEMUÑA 3

Non é luxo que é saber
viaxar é unha forma
divertida de aprender.



XUÍZA

Canto aprendo neste xuízo!
Aprendo ata economía!
Pena de que teña fame
e non teña todo o día.

ALGUACIL

Pois coa venia señoría
quedan unhas testemuñas
e se as fago pasar xa

xa non queda máis nengunha.

(Entra a testemuña 4. O alguacil
achégase a pedir xuramento
sobre un diccionario)

ALGUACIL

Xuran vostedes sobre este
diccionario,
decir a verdade
toda a verdade e nada máis que a
verdade?

TESTEMUÑA 4

Xuramos!

FISCAL

Conten, conten
Don Recorte xa levou un bo
repasso,
agora decide vós
e xa pechamos o caso.

TESTEMUÑA 4

Pois queremos denunciar
o que nos pasa na escola
e vimos aquí a contar.
Que somos moitos na aula
imposible de atender
o que queremos é axuda
que nos permita aprender.

Mestra de apoio queremos,

queremos máis atención,
que cando así o precisemos
nos dea unha explicación

Don Recorte prohibiu
contratar máis profesores
que di que sobran nas aulas
que iso é pedir favores

AVOGADA

O que me faltaba de ouvir!!
Se non aprendemos a ler
e tampouco a escribir
será porque hai preguiza
ou lles falta algo aquí!
(señala a fronte)

Non me sexan máis queixicas
un aprende porque si
se non coas vareadas
que eu aprendín así.



XUÍZA

Pare aí esa avogada
que non ten un argumento

será porque no principio
non lle tomei xuramento?
Pechemos este xuízo
que chega de acusación
a sentenza está escrita
teñoa aquí no caixón.

TESTEMUÑA 5

(Escoitanse berros...)

Pare! Pare...!

Non encerren a sesión
que acabo de chegar
tropeceime cun camiión.

XUÍZA

Quen é vostede señora,
citada aquí non está
de onde ven acalorada
tan tarde vai chegar?

TESTEMUÑA 5

Son unha mestra da escola
mellor dito, teño tres,
unha aquí, outra acolá
e outra que xa fan tres.

Ando o día no camiño
viaxando sen parar
estou tan repartidiña
que non me pododo parar.

Don Recorte manda iso
polo ben da educación

eu só vexo moito coche
e tamén algún camiión.

Ando coa lingua fóra
e se hai avaliación
manexo tanto alumnado
que marea a situación.

AVOGADA

Non fale tanto señora
os números hai que cadrar
vostede conta por tres
pero unha hai que pagar.

Sae moi ben a conta
o acusado non fai mal
se uns euros no petiño
podémonos aforrar.

TESTEMUÑA 5

Aforrar na nosa escola
recortar na educación
é tratar ao alumnado
como en fútbol ao balón.

É o futuro dos neníños
o que quere recortar
que na escola é onde aprenden
a medrar e a respectar.

XUÍZA

Chega xa, avogada
a sentenza vou dictar
ben oín os argumentos
logo podó sentenciar.

Póñase en pé toda a sala
(Todos en pé)
Escoiten con atención
que vou a dictar sentenza
porque é moita acusación.

Don Recorte apelidado
Don Recorte Educación
condeote por malvado
por fetiche e por ladrón.

Onde fuches co diñeiro
que tiñas "pra" educación?
Porque estes nenos protestan
que os deixas sen excursións.

Tamén eliminas mestras
e tamén o ordenador
cómo queres saír libre
de tantas acusacións?

Ímoste queimar no lume
deste antroido caranceiro
que no "Masdías" queremos
para a escola máis diñeiro.



AS ORDES DO MECO

O MARTES MOI LEDO VIRÁS
E ALGO NA CABEZA TRAERÁS



PARA O TEU PESCOZO ADORNAR
CON ALGO DIVERTIDO
O MÉRCORES ESTARÁS

SE Ó MECO QUERES CONTENTAR,
O XOVESCON BATA O MANDIL HAS DE ESTAR



ENTROIDO 2012



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP MANUEL MASDÍAS

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA